

SINERXIAS DINAMIZADORAS EN *BIBLIOMALVEIRAS*

Compostela, 17 de marzo de 2017

AS LAS E AS SINERXIAS

O traballo de dinamización dos equipos de biblioteca evócame a esas tendas de las e labores tan vistosas.

Porque como docentes traballamos coa mesma materia prima que é o noso alumnado, pero na práctica, o noso labor resulta bastante atomizado debido ás inercias e aos rigores de currículos, horarios, recursos...

Daquela, convén reparar en que realizamos nas nosas parcelas unha intervención didáctica que repercute de modo simultáneo no mesmo grupo de persoas no que incide o traballo do resto de profes.

E -como nas labores de ganchillo- paga a pena un pouco de esforzo no empeño de unir as nosas aplicacións, porque ailladas valen para moito menos que compoñendo pezas maiores de maior aprecio e utilidade xeral.

A HISTORIA DA NOSA BIBLIOTECA

ANTES DE BIBLIOMALVEIRAS

A historia anterior da nosa biblioteca:

- superficie inicial reducida nunha cuarta parte
- baixo chaves
- gardas “cómodas” para profesorado
- almacén
- exceso de fondos moi especializados adquiridos por cada departamento
- sen ordenadores para o alumnado
- aula de castigos
- debía primar o silencio
- ESPAZO MULTIFUNCIONAL
- ...

BIBLIOMALVEIRAS E PLAMBE

Xa iamos desandando vellas inercias pouco a pouco cando nos incorporamos ao PLAMBE no curso 2012-13 e continuamos a dar pasiños cara adiante

- recuperamos a superficie deseñada inicialmente
- amoblamos
- mercamos ordenadores e lectores electrónicos
- metímonos no MEIGA
- ambientamos
- expurgamos
- planificamos compras
- apoiamos ao club de lectura que se creou daquela
- Coordinamos hora de ler e preparamos as caixas
- rotulamos baldas
- creamos logos e mascota
- pintamos un mural fóra co nome (creado no 2008) sobre o dintel:
BIBLIOMAVEIRAS
- formamos bibliotecarios auxiliares
- fomentamos un ambiente de biblioteca como espazo comfortable, de encontro, para o xadrez, de traballo...
- instalamos un encerado no corredor *Antes de morrer quero*
- DINAMIZACIÓN

¿CÓMO DINAMIZAMOS A NOSA BIBLIOTECA?

Carecemos de salón de actos ou de usos múltiples no instituto:

FACER VIRTUDE DA NECESIDADE.

Xa que os departamentos precisan a biblioteca para desenvolver certas actividades:

- Implicámonos sempre que se nos convida
- Implicamos a quen denota predisposición
- **Sumamos vontades e sinerxias**

No noso centro aínda non somos quen de planificar con moito rigor nin traballos por proxectos nin proxectos de traballo onde se integren varios departamentos.

Pero desde a biblioteca contribuímos activamente para avanzar

paseniñamente nesa dirección.

E ademais doutras liñas de traballo como

- a formación de usuarios,
- a relación coa biblioteca municipal,
- exposición de recursos temáticos,
- os boletíns ou catálogos temáticos e de recomendacións,
- o encerado e os murais nos corredores e vestíbulo
- concursos e demais...

... dedicamos esforzos sen escatimar a colaborar en pequenos proxectos desenvolvidos por algúns departamentos ou promovidos desde a biblioteca:

- a. **Como base de exploracións**
- b. **Como territorio das artes**
- c. **Últimas experiencias destacables**

a. **Como Base de exploracións**

1. *Catálogo de recursos interesantes para o tratamento e estudo do Ámbito Científico* (alumnado do PDC, 3º ESO, 2012-13)
2. *Pequena mostra da historia da pintura* (alumnado de Hª da Arte de 2º Bac., 2012-13)
3. *O espazo verde do IES Carril* (alumnado de 1º ESO de Ciencias, 2015-16)

Aproveitando a efeméride do DÍA DA BIBLIOTECA, que se celebrou o 24 de outubro, puxémonos de festa para a cerimonia de presentación de **O ESPAZO VERDE DO IES CARRIL** o martes, 25 de outubro de 2016 (16.30 h.), en *Bibliomalveiras*.

A produción deste libro inscribiuse dentro das actividades da biblioteca (que forma parte do PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES da Consellería de Educación) programadas para o curso pasado, compartindo o lema xeral para todas as bibliotecas escolares de Galicia: *BIBLIOTECA ESCOLAR, BASE DE EXPLORACIÓNS*.

O ESPAZO VERDE DO IES CARRIL dá título a unha completa guía das 33 especies arbóreas e as 18 especies arbustivas que viven (ou viviron) dentro do recinto escolar do centro desde os seus inicios alá polo ano 1986. Ade-

mais, recolle moi sucintamente a historia deste conxunto botánico e mesmo contén un plano coa localización de cada elemento ou grupo descrito. A maiores dunha pormenorizada información sobre cadansúa especie (que abrangue os nomes correspondentes en galego, castelán, inglés e francés, o nome científico, a etimoloxía da denominación, a toponimia xerada, a orixe e maila historia, e a descrición), inclúese un pequeno estudio dos exemplares máis representativos en Galicia e máis a historia particular do exemplar do instituto. E todo isto ilustrado con fotografías fermosas e moi pertinentes

O libro editado polo propio centro –que con tal motivo deuse de alta como editor- foi realizado no pasado curso 2015-16 polo departamento de Ciencias, Bioloxía e Xeoloxía e mailo seu alumnado de 1º da ESO (actualmente cursando 2º, agás excepcións), guiado polas súas profesoras Paquita Barreira e Xela Cid, quen contaron co apoio das profesoras do equipo da biblioteca, moi en especial debe mencionarse a Matilde Fernández Calvo que se ocupou da maquetación.

Rapazas e rapaces foron recollendo nunhas fichas (elaboradas polo equipo da biblioteca e as profes de Ciencias) os datos e imaxes precisas, ás veces rexistrando a man o que vían ao carón das árbores e arbustos e ás veces empregando os ordenadores para pasar a limpo as súas notas; nunha fase posterior, incorporáronse todas as achegas pertinentes para cada especie, tras consultar una variada bibliografía específica referenciada ao final da obra.

Merece salientar que en contra da tendencia imperante (búsquedas en internet para non ter que teclear todo o texto) este alumnado consultou nas aulas e no laboratorio con libros de papel que lles facilitou a biblioteca e o departamento de Ciencias.

O traballo arduo, longo e complexo da revisión, selección de material, edición, corrección lingüística e inscrición no depósito legal foi labor colectivo. Tamén cooperaron moi destacablemente nesta ambiciosa empresa outros profesores.

Xosé Artiaga é o autor da excelente portada deste libro que a modo de exemplo das sinerxias veu da man da participación do alumnado de 1º de Bacharelato no homenaxe a Joseph Beuys en Vilagarcía. Por iso se mercou a fotinia, que resiste plantada a pesar das dificultades de adaptación trala súa xira por espazos pechados nunha maceta de plástico.

Manuel Rodríguez Mayo encargouse das fotografías –para solventar contra-reloxio os problemas infinitos para extraer fotos dos teléfonos do alumnado- e redactou un conmovedor limiar no seu derradeiro ano como director e profesor do instituto.

Claro está que non se partiu de cero, porque persoas –que contan non por anos, senón por lustros a súa dedicación ao centro- conservaron ata o presente material diverso dun valor incuestionable que xenerosamente puxeron á nosa disposición. Agradecemento especial facemos a Manuel Chouza,

quen apadriñou en sentido estrito o xermolo da transformación do espazo exterior do instituto ao instalar o invenadoiro onde nacerían as plantiñas que devirían co tempo nesas árbores maxestosas que disfrutamos.

E no presente curso, engadindo así un elo máis nesta cadea de educación medioambiental que xa vai sumando 31 anos, estamos a continuar este traballo coa elaboración e colocación de rótulos identificadores de cada especie, actividade na que participan os departamentos de Artes e Tecnoloxía, ademáis da biblioteca e o departamento de Ciencias.

Esta é unha obra non comercial da que existen 16 exemplares na biblioteca (estreada nalgunha actividade na semana de acollida ao alumnado de 1º ESO no pasado mes de setembro) e proba de xeito irrefutable que o esforzo colectivo perseguindo con empeño un obxectivo común sólido, concreto e ambicioso nunca fracasa se sobra ilusión e convencemento.

A versión electrónica da obra está dispoñible a través páxina web do instituto e do blog da biblioteca (<https://bibliomalveiras.wordpress.com/>).

b. **Como territorio das artes**

Cómpre salientar neste eido a participación moi activa do alumnado e profesorado do Bacharelato de Artes.

2. Taller de poesía (actividade colateral á labor da biblioteca (2012-13)
3. Mural pintado na parede do corredor
4. Exposición permanente dos traballos artísticos na parte superior dos mobles.
5. Logos e selo: concursos do bac. Art.
6. Performances: a 1ª foi a de *Un cadáver en la biblioteca* no 2014-15 (que non gravamos), aínda que nese curso xa tiveramos durante a semana do samaín a un ex alumno do alén)

c. **Últimas experiencias destacables.**

1. ***Telamón***

Obra editada por *Bibliomalveiras* e o departamento de francés no presente curso. Esta actividade está inspirada na gran escultura de Paco Leiro instalada no centro do vestíbulo do instituto: ***Telamón***

Arredor desta enorme peza de madeira transfigurada nun personaxe literario,

nace o libro bilingüe de relatos colaborativos orixinais -segundo a técnica de dobrar o papel para ocultar unha parte da historia creada- no marco dun intercambio cultural e lingüístico cun *collège* francés.

2. **Performances musicais por sorpresa e sorprendentes**

O equipo de *Bibliomalveiras* acordou ao inicio do curso co departamento de Música esta actividade rexida por estas premisas:

- realizaríanse por sorpresa, sen avisar da data nin informar do seu contido
- coa pretensión de actuar como reclamo de público non habitual (en competencia coa cafetería que está en frente)
- Sen embargo, estas performances van tratando unha temática vencellada co momento do curso no que se presentan
- Estas actividades enmárcase nun proxecto de dinamización da biblioteca no que veñen colaborando ao longo deste curso as profesoras do Departamento de Música e as do equipo da biblioteca, ao ronsel do lema das bibliotecas escolares de Galicia para este ano “Territorio das Artes”.

a) **Primeira. Santos e defuntos.**

28 de novembro (aniversario de Valle) os temas interpretados aluden á partida dun ser querido e a festividade de Santos e defuntos:

When I'm gone

When the saints go machina (tema frecuente nos enterramentos en Nova Orleáns, por exemplo)

b) **Segunda. Performance na honra de Leonard Cohen**

O 5 de decembro, un mes despois de que finara en Los Ángeles (7 de novembro) o músico, cantante e poeta canadense, o alumnado de 2º de bacharelato artístico dedicoulle esta performance, convencid@s de que poucas persoas coma él harmonizaron tan ben as artes e a literatura.

Cohen compuxo a canción “**Hallelujah**” en 1984, cuxa letra é un poema que conxuga contidos da tradición xudeu-cristiá para tratar das crenzas, dos problemas existenciais, do amor e do desamor.

Existen máis de oitenta versións desta canción.

Bob Dylan (Premio Nobel de Literatura do 2016 e Premio Príncipe de Asturias das Letras en 2007) tivo a ben interpretala en 1988.

En español, Enrique Morente e Lagartija Nick deixaron gravada a súa versión

no disco *Omega* (1996) reeditado no 2016.

c) **Terceira. Día da muller**

Con motivo do Día da Muller que se conmemora cada 8 de marzo realizouse unha nova performance por sorpresa na biblioteca –e xa vai a terceira-, coa finalidade de visibilizar e dignificar a relevancia das mulleres no ámbito artístico, e particularmente no eido da Música. Esta actividade veu redondear a celebración no centro desta efemérides xunto con outras. E ademais forma parte dun proxecto máis ambicioso impulsado pola biblioteca ao longo do curso centrado nas mulleres artistas da historia occidental e da actualidade.

Neste acto do segundo recreo do mércores participou alumnado 2º ESO, 1º de Bacharelato e mailo grupo de Artes Escénicas de 2º de Bacharelato.

Prepararon unha pasarela verde no centro da biblio, flanqueada por dúas filas de rapazas e rapaces provistos de cadanseu paraugas transparente nos que se podían ler frases fermosas.

Polo medio desfilaron grandes mulleres da Música e a Danza -representadas por outr@s compañeir@s- que ao longo da Historia formaron parte dun xeito simbólico da *árbore da vida*.

Esta árbore, totalmente elaborada por alumnos de 2º ESO íase cargando de follas verdes que transportaban as grandes damas da Música e da Danza.

Unha locutora, tamén de 2º de Bacharelato, foi explicándolle á asistencia os pormenores de cada una das damas artistas segundo estas avanzaban cara a árbore.

Cómpre resaltar o feito de que as persoas que se caracterizaron para representar ás grandes artistas eran indistintamente mozas ou mozos. E esta circunstancia foi absolutamente intencionada co obxecto de transmitir que homes e mulleras debemos superar as barreiras que discriminan a unhas fronte aos outros.

Esta performance veuse enriquecida ademais con pezas musicais en directo interpretadas por dúas alumnas de 2º de Bacharelato: a pianista Tifani Barcala e a violinista Magdalena Rodríguez, esta última membro da Orquesta Xove da Sinfónica de Galicia.

O colofón ao acto púxollo a voz de María González -de 2º de Bacharelato- que cantou a habaneira da ópera *Carmen*, de Bizet. A tod@s @s asistentes nos emocionou moito, especialmente esta inesquecible peza final.

Tamén hai que recoñecer o mérito de Sara, de 2º de Bacharelato A, que gravou o vídeo da performance.

A biblioteca encheuse a reventar, e para compartir co maior número de persoas este acto, desta vez fíxose un experimento e emitíuse en tempo real na pantalla do vestíbulo.